



Con data do 18 de agosto do actual tivo entrada neste Consello de Contas o seu escrito presentado por correo electrónico no que denuncia na súa calidade de Presidente da "Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia" a comisión de "... los delitos de presunta prevaricación y malversación de caudales públicos ..." que segundo o seu relato cometéronse na subscripción e execución de catro convenios e unha consultoría, na que son parte a Consellería do Mar e a "Asociación de Ingenieros Navales y Oceánicos de España", con suposta vulneración de normas reguladoras dos contratos do sector público, de acceso a información pública e bo goberno, e do Estatuto Básico do Empregado Público. A dita denuncia acompañase unha serie de fotocopias doutras actuacións desenvolvidas por vostede e relacionadas con este asunto entre as que destacan as relativas ás xestións desenvolvidas para obter información da documentación administrativa que soporta os referidos convenios e a comunicación dos feitos á Oficina Antifraude Europea (OLAF).

No devandito escrito solicítase que se teña por presentada "... denuncia contable, por un delito de prevaricación y malversación de caudales públicos frente a los nombrados en este escrito, en su calidad de máximos responsables de los hechos expuestos ... acordando la práctica de las diligencias necesarias aceptando nuestra personación como interesados y perjudicados, siendo parte y testigos de ese instructor ...".

O pleno acorda na súa sesión do 17 de outubro de 2016 poñer no seu coñecemento:

Primeiro.- Conforme ao disposto no artigo 16 da Lei Orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, a investigación e declaración de responsabilidades penais non corresponde ao Consello de Contas nin tampouco a declaración de ilegalidade das cuestións sometidas á xurisdición contencioso-administrativas tal como os convenios de colaboración e os contratos administrativos.

Segundo.- De acordo co artigo 15 da mencionada L.O. 2/1982, o axuízamento contable e, consecuentemente, a depuración das responsabilidades contables que, no seu caso, podan concorrer nos feitos expostos no seu escrito, é competencia exclusiva do Tribunal de Contas perante o cal vostede formular a solicitude que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2016

O Conselleiro Maior

José Antonio Redondo López

Presidente da Plataforma en Defensa do Sector Marítimo Pesqueiro de Galicia  
Rúa Juan Castro Mosquera, 28-2ªDcha  
15005 A Coruña